



ACORDO POLO QUE SE ENCARGA Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA TAREFAS DE APOIO E DE XESTIÓN ECONÓMICA DO PLAN DE ACCIÓNS FORMATIVAS EN EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE DA OFICINA DE MEDIO AMBIENTE (OMA) NO EXERCICIO 2023

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A Universidade da Coruña (UDC), a través da Oficina de Medio Ambiente (OMA), desenvolve un plan de educación para a sustentabilidade que ten por obxecto avanzarmos na formación da comunidade universitaria e da cidadanía nos conceptos básicos da sustentabilidade ambiental e social e desenvolver a súa capacidade para actuar en temas de eficiencia no uso de recursos, aforro de auga e enerxía, mobilidade sustentábel, prevención da xeración de residuos e mellora da separación en orixe, reutilización e reciclaxe, sensibilización sobre a contaminación lumínica e por ruído, prevención da contaminación da auga, e limpeza e mellora dos ecosistemas, a través de diferentes tipos de actividades tales como conferencias, sesións formativas teórico-prácticas, visitas técnicas, obradoiros e traballo de campo e participativo.

SEGUNDO. A Fundación Universidade da Coruña (en adiante FUAC) ven encargándose da xestión técnica, económica e administrativa de programas de xestión baixo encargo da UDC, contando cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade de escalado do seu servizo e o coñecemento especializado requirido.

TERCEIRO. A FUAC, dende a súa creación en 1997, ven desenvolvendo iniciativas e acumulando experiencia con entidades públicas e privadas, a nivel autonómico, estatal e europeo, tendo a capacidade e os recursos axeitados para impulsar a transferencia de coñecemento da UDC, e apoiar a xestión dos grupos e servizos da UDC.

CUARTO. Segundo o artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña, establécese que a FUAC é un medio propio instrumental e servizo técnico da Universidade da Coruña, considerándose a relación da FUAC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encargos, de conformidade co previsto na Lei de contratos do sector público (LCSP).

QUINTO. O Reitor da UDC, propón a xestión técnico, administrativa e económica de dito Plan de Accións formativas en materia de Sustentabilidade da OMA conforme ás seguintes

CLÁUSULAS DO ENCARGO DE XESTIÓN

PRIMEIRA. O presente encargo baséase no artigo 32 da LCSP tendo, polo tanto, un carácter obrigatorio para a FUAC, que deberá aceptalo e executalo conforme ás instrucións técnicas e académicas dadas pola UDC, para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes.

SEGUNDA. As actuacións a realizar pola FUAC obxecto do presente encargo, así como os requisitos para estas, son as de dar apoio económico-administrativo para a realización das actuacións de educación para a sustentabilidade obxecto do convenio que organiza a OMA.

TERCEIRA. O presente encargo é competencia da Vicerreitoría de Infraestruturas e Sustentabilidade da UDC, que designa a Manuel Soto Castiñeiras, director da OMA da UDC, como Dirección Técnica.



CUARTA. O orzamento para a execución do presente encargo ascende á cantidade de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000 €). Consonte a Lei 28/2014, que modifica a Lei 37/1992 do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), as contías derivadas dos encargos realizados de conformidade co disposto na LCSP non están suxeitas ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

QUINTA. O pagamento da cantidade estipulada realizarase previa xustificación das tarefas executadas e do gasto realizado.

Dita xustificación incluírá:

- Tarefas realizadas. Serán xustificadas cun informe e certificación da Dirección Técnica designada pola UDC onde conste o cronograma e accións realizadas e persoas beneficiarias.
- Gastos Directos. Representarán o 90% da contía indicada e poderán estar formados por facturas, gastos de desprazamento, honorarios ou gastos de persoal. Os gastos de honorarios deberán facer referencia á actividade encomendada e os gastos de persoal, de habelos, xustificaranse coas correspondentes dedicacións e custos laborais. Serán elixibles todos os custos vinculados á realización dos cursos e outras actividades.
- Gastos Xerais. Da contía indicada, e conforme á encomenda xeral de servizos da UDC á FUAC, o importe dos gastos xerais será do 10% do total do importe, desglosado tal como se indica de seguido:
 - 2,5% para a coordinación dos cursos.
 - 2,5% para a secretaría técnica da FUAC.
 - 5% para a xestión económica por parte da FUAC.

Os gastos xerais indicados ata o 10,0% non requirirán xustificación.

Dita xustificación será remitida en prazo e forma á Vicerreitoría designada segundo a cláusula terceira do presente encargo.

SEXTA. A UDC poderá realizar as labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre á realización dos traballos do encargo.

SÉTIMA. O presente encargo quedará condicionado á dispoñibilidade de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Vicerreitoría da que é competencia o presente encargo sinalada na cláusula terceira.

OITAVA. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio para o desenvolvemento das actuacións encomendadas, a FUAC empregará o galego, podendo utilizar para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

NOVENA. A realización do encargo non suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral do persoal da FUAC dedicado ao proxecto coa UDC.

DÉCIMA. É obriga da FUAC a información e publicación do presente encargo na súa páxina web.

UNDÉCIMA. A vixencia do presente encargo rematará cando as actuacións obxecto deste sexan realizadas e debidamente xustificadas, en todo caso antes do 15 de novembro do 2023. Poderán asignarse gastos realizados durante o exercicio 2023, desde 01 de xaneiro a 14 de novembro de 2023.



DUODÉCIMA. Corresponde á UDC, a través da Vicerreitoría competente no presente encargo sinalada na cláusula terceira, á interpretación deste, así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado,

ACÓRDASE

PRIMEIRO. Encargar á FUAC as actuacións referidas no apartado segundo do presente encargo relacionadas co **Plan de accións formativas en educación para a sustentabilidade** da Oficina de Medio Ambiente (OMA) da UDC.

SEGUNDO. O orzamento para ditas actuacións ascende á cantidade de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000 €). Este importe non esta suxeito a IVE e financiarase con cargo a partida orzamentaria que se detalla a continuación: 2023 - 0200020005 422D 44200.

TERCEIRO. A conta bancaria da FUAC para abono do orzamento xustificado será a ES31 2080 0000 7430 4015 9702.

A Coruña,

O Reitor da Universidade da Coruña

Julio Ernesto Abalde Alonso